

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 10155** Orde PRE/1665/2012, do 19 de xullo, pola que se modifica o anexo III do Real decreto 227/2006, do 24 de febreiro, polo que se complementa o réxime xurídico sobre a limitación das emisións de compostos orgánicos volátiles en determinadas pinturas e vernices e en produtos de renovación do acabado de vehículos.

A Directiva 2004/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa á limitación das emisións de compostos orgánicos volátiles (COV) debidas ao uso de disolventes orgánicos en determinadas pinturas e vernices e nos produtos de renovación do acabado de vehículos, pola que se modifica a Directiva 1999/13/CE, ten como obxectivo básico limitar o contido total de compostos orgánicos volátiles (COV) de determinadas pinturas, vernices e produtos de renovación do acabado de vehículos. Para isto establécense uns niveis máximos de COV que poden conter os produtos afectados por esta normativa para poder ser comercializados dentro dos territorios dos Estados membros.

Para verificar que se cumpren os contidos máximos de COV, a norma establece no seu anexo III os métodos de análise. Pola súa vez, o artigo 11 recolle a obriga por parte da Comisión de adaptar o dito anexo ao progreso técnico.

Esta directiva incorporouse ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 227/2006, do 24 de febreiro, polo que se complementa o réxime xurídico sobre a limitación das emisións de compostos orgánicos volátiles en determinadas pinturas e vernices e en produtos de renovación do acabado de vehículos.

O pasado 20 de novembro de 2010 publicouse no Diario Oficial de la Unión Europea a Directiva 2010/79/UE da Comisión, do 19 de novembro de 2010, sobre a adaptación ao progreso técnico do anexo III da Directiva 2004/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello. Mediante esta directiva substitúese o anexo III da Directiva 2004/42/CE.

Co obxecto de dar cumprimento ás súas obrigas, apróbase esta orde ministerial, mediante a cal se traspón a Directiva 2010/79/UE ao ordenamento xurídico español e se substitúe o anexo III do Real decreto 227/2006, do 24 de febreiro, para a súa adaptación ao progreso técnico.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación prevista no punto segundo da disposición derradeira terceira do Real decreto 227/2006, do 24 de febreiro, que faculta, entre outros, o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para introducir nos seus anexos cantas modificacións de carácter técnico sexan precisas para mantelo adaptado ás innovacións que se produzan no disposto pola normativa comunitaria.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados; así mesmo, foi sometida ao trámite de información pública e foi remitida ao Consello Asesor de Medio Ambiente, en aplicación das previsións da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, do ministro de Industria, Enerxía e Turismo e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do anexo III do Real decreto 227/2006, do 24 de febreiro, polo que se complementa o réxime xurídico sobre a limitación das emisións de compostos orgánicos volátiles en determinadas pinturas e vernices e en produtos de renovación do acabado de vehículos.*

O anexo III do Real decreto 227/2006, do 24 de febreiro, polo que se complementa o réxime xurídico sobre a limitación das emisións de compostos orgánicos volátiles en determinadas pinturas e vernices e en produtos de renovación do acabado de vehículos, substitúese polo anexo da presente orde.

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2010/79/UE da Comisión, do 19 de novembro de 2010, sobre a adaptación ao progreso técnico do anexo III da Directiva 2004/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á limitación das emisións de compostos orgánicos volátiles.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de xullo de 2012.—A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Soraya Sáenz de Santamaría Antón.

## ANEXO

### «ANEXO III

#### Métodos considerados no número 2 do artigo 3

Método autorizado para os produtos cun contido de COV inferior ao 15% en masa cando non estean presentes diluúntes reactivos:

Parámetro	Unidade	Proba	
		Método	Data de publicación
Contido de COV .....	g/l	ISO 11890-2	2006

Método autorizado para os produtos cun contido de COV igual ou superior ao 15% en masa cando non estean presentes diluúntes reactivos:

Parámetro	Unidade	Proba	
		Método	Data de publicación
Contido de COV .....	g/l	ISO 11890-1	2007
Contido de COV .....	g/l	ISO 11890-2	2006

Método autorizado para os produtos con contido de COV cando estean presentes diluúntes reactivos:

Parámetro	Unidade	Proba	
		Método	Data de publicación
Contido de COV .....	g/l	ASTMD 2369	2003»